

Vamos de Muséus

“As crianças da Semente criaram o seu próprio muséu. Um museu vivo, no que as nenas e os nenos som protagonistas dumha aventura emocionante e vitalista: transformarem-se em personagens icónicas da arte galega: pintura, banda desenhada, graffiti, desenho gráfico, ilustraçom...

Encarnam-se, transformam-se em personagens históricas, em heroínas, em ensonhaçons, em caricaturas, em cores e sombras...

Preparam-se, metem-se no papel, observam a olhada, a linguagem corporal... e durante um momento representam outra pessoa e umha instantánea detém para sempre esse fragmento de tempo. É mágico.

Dizia Urbano Lugris: "Eu pinto en galego". E aqui están as nenas e nenos da Semente a viver em galego esta experiência durante o confinamento do coronavírus. Com humor e arte, dous dos motores com mais revoluçons para criar resiliência.

As crianças da Semente som mais um Grupo de Apoio Mútuo, um grupo de crianças que nos alegam os olhos com fotografias cheias de humor e fermosura; um coletivo de crianças que nos fam imaginar os nenos de Castelao ou as nenas de Maruja Mallo do século XXI; umha comunidade de crianças que se comunicam em galego porque é comunitariamente como se construe o idioma; o grupo infantil de apoio mútuo da Semente, o apoio mútuo entre a realidade e a fantasia.

Grupo de apoio mútuo, coletivo, comunidade... porque a Semente é escola de cooperaçom, de asociacionismo, de mao comum.

As crianças gostam de brincar com a imaginaçom. As adultas das famílias também gostamos de brincar a sonhar. Talvez as profes imaginaram o que podia chegar a suceder quando programaram este projeto... Mas seguro que a realidade superou a ficçom.

E todas nós, a gente da Escola Semente e o resto do país e parte do estrangeiro, gostamos de compartir esta aventura. E de continuar a fazer país, a naçom que entra polos olhos.

E seguiremos a aprender a olhar em galego! Porque todo o mundo sabe que os olhos também falam.

...e nom esqueças avalar!!”



Iriabadomar



Leandro Lamas



Elga Fernández Lamas





Maruja Mallo



Leandro Lamas



Howard Miller



"Calvin and Hobbes"

Bill Watterson



Luis Seoane

Estes son algúns dos seus traballos, e este o enlace a súa páxina no facebook onde podedes atopar todas as obras:

[https://www.facebook.com/Semente-Compostela-1079111455507404/?_tn=kC-R&eid=ARB-04fcZk2LjzBjRoRr3W0F4WfRchn_Tgl1RE-OaWwYfnfjKw7tuKBRaQG_S1KTU92cRk7B_vN_2mqI&hc_ref=ARSKLHcMcZ5WOqurm2AJI-V5RH8PjNxN0fUzbHvI2Jam822x_HUnSEfGRrhuiFGjQ9Y&fref=nf&xts__\[0\]=68.ARAfG6f8gMgKKF44DtBWMRRV2Ke8_HbW9-Zz7ARLNBnzWPPW5wzOOWmx3SZ0TKeS0yFF3ajYZYCdNZVJCNjT3ltp7NST2VecVnKXnC-r7_8OQhe9aJshmZ5V_RBG_XRRdGzThz0vyKBNlItcnZhdPAq41x5hklEu_oB2Sn5VpYSMAep_mkbdQi_yNz8f32cuvbW_jxfe7a4xLZ-V5_6X_NcHJfq7eEhGMSBmHCCV2Frck0b3NAuLME_NaaPh2Ace4_yji6fzA-D10pdsFrU_L5xy-MJI-h5ojRZagrsfq2cHDg6Gzfgqib1uZqZloHE0M9G1jHhSEqilEttLx8Hq9Oac2jlhQ](https://www.facebook.com/Semente-Compostela-1079111455507404/?_tn=kC-R&eid=ARB-04fcZk2LjzBjRoRr3W0F4WfRchn_Tgl1RE-OaWwYfnfjKw7tuKBRaQG_S1KTU92cRk7B_vN_2mqI&hc_ref=ARSKLHcMcZ5WOqurm2AJI-V5RH8PjNxN0fUzbHvI2Jam822x_HUnSEfGRrhuiFGjQ9Y&fref=nf&xts__[0]=68.ARAfG6f8gMgKKF44DtBWMRRV2Ke8_HbW9-Zz7ARLNBnzWPPW5wzOOWmx3SZ0TKeS0yFF3ajYZYCdNZVJCNjT3ltp7NST2VecVnKXnC-r7_8OQhe9aJshmZ5V_RBG_XRRdGzThz0vyKBNlItcnZhdPAq41x5hklEu_oB2Sn5VpYSMAep_mkbdQi_yNz8f32cuvbW_jxfe7a4xLZ-V5_6X_NcHJfq7eEhGMSBmHCCV2Frck0b3NAuLME_NaaPh2Ace4_yji6fzA-D10pdsFrU_L5xy-MJI-h5ojRZagrsfq2cHDg6Gzfgqib1uZqZloHE0M9G1jHhSEqilEttLx8Hq9Oac2jlhQ)